

CORRECCIÓN DE ERROS DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN 2023/CP/014

Advertido un erro no apartado de titulación académica da memoria da convocatoria de contratación dun/dunha técnico/a administrativo/a para a Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, con ref. **2023/CP/014** publicada o día 17.02.2023 no Taboleiro de Anuncios da UDC, esta vicerreitoría, ao amparo do previsto no art. 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, resolve publicar unha nova convocatoria de contratación que substitúe á anterior (anexo que se xunta).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

Salvador Naya Fernández

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	oXTLVPC2bVUNC9tpxjXfgw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	17/02/2023 14:20:34
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/oXTLVPC2bVUNC9tpxjXfgw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: Convenio Xunta SXAI 2023-2025			
Título: Convenio de Servizos Xerais de Apoio á Investigación 2023-2025			
Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos Xerais de apoio á xestión da I+D+I			
PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/01/2023 FIN: 31/12/2025			
CENTRO Inv. Principal: Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia			
OBJECTO DO CONTRATO: contratación dun/dunha técnico/a administrativo/a para realizar tarefas de difusión e promoción das actividades da vicerreitoría			
Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.			
LUGAR E HORARIO: Reitoría, de 7:45 a 15:15 h.			
GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1			
CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)			
Investigador/a asociado/a ☐		Investigador/a en formación ☐ * Require matrícula programa doutoramento SUG	
Técnico/a de apoio á investigación ☐		Axudante de apoio á investigación ☐	
Técnico/a administrativo/a ☒		Axudante administrativo/a ☐	
XORNADA	Tempo Completo: ☒	Tempo Parcial: ☐	DATA APROX. INICIO CONTRATO: 01/04/2023
TIPO DE CONTRATO: Indefinido ☒		Duración determinada ☐	
		DATA FIN CONTRATO:	
RETRIBUCIÓN BRUTAS : 2.422 € brutos/mes			
PARTIDA ORZAMENTARIA: 0500442325 541A 6400000			

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Titulación universitaria superior recoñecida en España (enseñaría, licenciatura, grao)
REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.
Dirixidas á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia, coa Referencia da convocatoria .
PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e dous suplentes): Salvador Naya Fernández, Federico Pomar Barbeito, Sonia Zaragoza Fernández. Suplentes: Domingo Calvo Dopico, María Ares Sanmartín.
LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

A Coruña, 17 de febreiro de 2023

O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL

Asdo.: Salvador Naya Fernández

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	oXtLVPC2bVUNC9tpxjXfgw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	17/02/2023 14:20:34
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/oXtLVPC2bVUNC9tpxjXfgw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

DATOS DO CONVENIO:

Referencia: Convenio Xunta SXAI 2023-2025

Título: Convenio de Servizos Xerais de Apoio á Investigación

Obxecto do contrato: contratación dun/dunha técnico/a administrativo/a para realizar tarefas de difusión e promoción das actividades da vicerreitoría.

Tarefas a desenvolver: Colaborar na xestión das tarefas e actuación do convenio mencionado, que consistirán en:

- Dinamización da páxina web e as redes sociais da vicerreitoría.
- Xestión, control e actualización da web da vicerreitoría e enlace co persoal informático incorporando a visión administrativa e de xestión optimizando os recursos dispoñibles
- Colaboración en tarefas de xestión de relacións institucionais
- Colaboración en actividades de visualización e posicionamento internacional da UDC.
- Colaboración en actividades de posicionamento, promoción e visibilidade da universidade en proxectos competitivos de I+D+I

Duración do contrato: a duración para estas tarefas estímase en indefinida, ata fin do convenio financiador, cunha dedicación a tempo completo.

Requisitos das persoas candidatas: Titulación académica superior recoñecida en España (licenciado/a, graduado/a ou enxeñeiro/a).

Criterios e valoración de méritos: (Valoración sobre 100 puntos)

Titulación académica (15 puntos)

- Titulado/a superior con licenciatura/grao nas áreas de Ciencias Sociais e Xurídicas (15 puntos)
- Titulado/a superior con licenciatura/grao nas áreas de Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura (10 puntos)
- Titulado/a superior con licenciatura/grado nas áreas de Ciencias da Saúde (5 puntos)
- Titulado/a superior con licenciatura/grado nas áreas de Ciencias (5 puntos)
- Titulado/a superior con licenciatura/grado nas áreas de Artes e Humanidades (5 puntos)

Soamente será computable unha única titulación. Para a adscrición da titulación a unha área de coñecemento seguirase a clasificación establecida no RUCT (<https://www.educacion.gob.es/ruct/home>)

Modo de acreditación: fotocopia do título.

Experiencia profesional (30 puntos)

Experiencia laboral acreditable mínima de 5 anos no ámbito de traballo como:

- Xestor/a de relacións institucionais, patrocinios e relaciones públicas
- Xestor/a de contidos de páxinas web e redes sociais corporativas
- Organizador/a de eventos, roldas de prensa e eventos en representación de entidades.

3 puntos por ano completo traballado a maiores do mínimo exixido.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	oXTLVPC2bVUNC9tpxjXfgw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	17/02/2023 14:20:34
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/oXTLVPC2bVUNC9tpxjXfgw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



Soamente serán computables anos enteiros traballados (non serán computables as fraccións de ano que resulten da suma dos contratos). Os anos de experiencia mínima **non** serán computables a efectos de puntuación.

Modo de acreditación: vida laboral e/ou copias de contrato. Calquera dato do contrato que permita cualificar as funcións desempeñadas ou, no seu caso, certificado da empresa na que se desenvolveron os traballos con indicación das funcións realizadas.

Formación (30 puntos)

Formación específica en márketing, comunicación e/ou relacións públicas

- 1 punto cada 10 horas de formación, cun máximo de 20 puntos.

Nivel de coñecemento da lingua inglesa segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), cun nivel mínimo B2.

- B2: 5 puntos.
- Superior a B2: 10 puntos.

Modo de acreditación: certificados de asistencia e Certificado do nivel de coñecemento dunha lingua estranxeira no que figure o nivel alcanzado de acordo co Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER)

Entrevista persoal (25 puntos) ás persoas candidatas con maior valoración na suma de titulación+experiencia profesional+formación; e sempre e cando sobrepasasen os 55 puntos na suma deses epígrafes. Na entrevista avaliaranse tanto as capacidades, aptitudes e perfil da persoa candidata como o seu coñecemento das tarefas a realizar no posto de traballo.

Con base ao cumprimento dos requisitos e a valoración dos méritos establecerase unha orde priorizada das persoas candidatas. Será adxudicataria a persoa de maior puntuación que deberá presentar a documentación acreditativa, orixinal ou cotexada, dos méritos alegados no proceso de selección nun prazo máximo de 5 días desde a publicación da resolución da convocatoria no taboleiro de anuncios da sede electrónica da UDC. A falta de acreditación ou a acreditación incompleta de méritos e requisitos suporá a exclusión definitiva do/a aspirante seleccionado/a.

Co resto das persoas candidatas, e respectando esa orde priorizada polos méritos, confeccionarase unha listaxe de espera que se empregará para a contratación no caso de exclusión, renuncia, cesamento ou baixa por incapacidade temporal da persoa seleccionada.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	oXTLVPC2bVUNC9tpxjXfgw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Política Científica, Investigación e Transferencia - Salvador Naya Fernández	Asinado	17/02/2023 14:20:34
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/oXTLVPC2bVUNC9tpxjXfgw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

